



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Bases selección persoal laboral temporal, Programa Aprot Rural 2025

ANUNCIO

Pola resolución de Alcaldía núm. 495/2025 do 18/06/2025 resolveuse aprobar as bases e convocar o procedemento de selección para a contratación laboral temporal de tres peóns/peoas forestais, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles, dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, o Concello de Ponteceso presentará unha oferta de emprego na oficina Pública de Emprego de Carballo, solicitando persoas traballadoras para as devanditas prazas.

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) días hábiles, a contar dende o día seguinte a aquel no que a persoa candidata reciba comunicación por parte do Concello de que está incluída na relación enviada polo SPEG.

As bases están a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal

(<https://sede.ponteceso.gal/sxc/gl/>).

Ponteceso, 18 de xuño de 2025

O alcalde,

José Manuel Mato Martínez

2025/4030